

# PENSANDO DETRÁS DO LAR

Con arreglo se habla en Galicia en 1930

POR

GUILLERMO VÁZQUEZ

BETANZOS-FERVENZAS

PROHIBIDA SU REPRODUCCIÓN

Moito viva o LAR GALLEGO  
Que honra a toda Galicia;  
Xa en todo mundo saben  
que é da xente que hay mais lista.

ACADEMIA  
GA  
RUÑA

04

oteca

516 39404

Billar Ponte Billar Ponte  
verdad que muchos siento  
no poder es tar asulado  
dandome su buen consejo  
ayudandome a llevar la cruz  
como Cristo en aquel tiempo  
aunque fuese de cirineu  
y sobre de mi el madero  
El Poeta J. V.  
de la Raza

---

2.<sup>o</sup> Dedicado a mi Amigo  
Don Antonio Billar Ponte  
Es critor La Coruña su as  
mirador y autor de este Libro  
Guillermo Tasques  
Verbenos 1.<sup>o</sup> de Marzo  
de 1935



GUILLERMO VÁZQUEZ

«PENSANDO DETRÁS DO LAR»  
enseña cousas da nosa aldea  
que a moitos lles ha de gustar.

---

«PENSANDO DETRÁS DO LAR»  
pra podela facer  
o home ten que nacer;  
e pra podela xuntar,  
moito houbo que cavilar.

# PENSANDO DETRÁS DO LAR

Con arreglo se habla en Galicia en 1930

POR

GUILLERMO VÁZQUEZ

BETANZOS-FERVENZAS.

---

PROHIBIDA SU REPRODUCCIÓN

---

Moito viva o LAR GALLEGO,  
Que honra a toda Galicia;  
Xa en todo o mundo saben  
que é da xente que hay mas lista.

R 10040

Hain os do A. vity Ponte



# A PASTORA ROUBADA

---

## PRIMERA PARTE

Marica e Farruco, os padres de Marta, rapaza de 18 anos, que se quería casar, cousa que lle costaba caro facer por que era feia. Farruco, home de edá, adormexado detrás do lume, mentras a muller facía as labores da casa, e Marta viña co gado. El ca man no seo, dixo;

- Farruco      Ou Marica  
Marica      Que queres, home.  
Farruco      Había que dar xeito a esa rapaza, a ver se a podemos casar.  
Marica      Non che sei como será por que e moi feia.  
Farruco      Neso todo che imita a tí.  
Marta      ¡Uy! Frio que trraio.  
Marica      Pasa, alí, a xunta de teu pai.  
Marta      Pero querialle decir unha cousa, e ben lle me pinta que o padre durma.  
Marica      E logo, que querías.  
Marta      Queríame casar  
Marica      Áy xa o creo, o conto bon era si tuveras con quén.  
Marta      Falóume o fillo do tío Xan da Agra, o que veu de Cuba.  
Marica      Pero ha de ser pra te enganar, que eses homes que van polo mundo, saben moito o que han de decir.  
Marta      Ola, falel'lo o padre a ver que dí.  
Marica      ¡Ou, Farruco! Desperta, home, que o que

- ten que arreglar a sua vida non pode dormir sempre.
- Farruco E logo, qué querías.
- Marica Aquí, Marta, sei que se quere casar.
- Farruco Si se quere casar, que se case, quen yo priva. Quérese casar sola, ou...
- Marica Non, home. Falóulle o fillo de Xan da Agra, o que foi a Cuba.
- Farruco E logo, qué che dixo, muller.
- Marta Dixome que viña apurado.
- Farruco Xa había de andar antes de oxe.
- Marica ¡Ay, Dios mío! Muller, que ben ibas con él, nin que foras cun militar. E nosoutros habíamoste de dotar siquera a vaca Galluda. ¡Se trouxera él unha cuxa, xa levabas xeito de algo!
- Marta Ou, madre; pero eso tarda moito, e eu non podo esperar tanto.
- Farruco Índa moito máis has de esperar. Tratades as cousas sin pensar. ¡Tóla é a filla, é tóla é a nai
- (Nesto, sintiron un tumbo a porta, e Marta, dixo:)
- Marta Xa petan. E máis é Antón, que quedón de vir hoxe aquí. (Pro nadie lle fixo caso e volveu a petar algo máis forte, e dixo): Bueno; cada un ten que arreglar a sua vida. Eu teño que me dispoñer, e si non vou por ben a porta, vou por mal. (Levántase, correndo, e dixo:) Es tí, Antón, (Abrén a porta a todo ancho, e dixo:) Pasa pra dentro.

- Antón      Eu non vou, que creio que a teu pai non lle dou moito gusto.
- Marta      Ti non fagas caso, quen arregla as cousas somos eu e mais tí, pro si tes medo vou xunto do padre pra que veña axudarte a meter. (Marchou, correndo, e volveu a co-ciña e díxolle a seu padre). Padre bendito seia Dios, temos aquí a Antón o Cubano; póñase, póñase ben, que eu tamén ei de facer o que poida. Non quere entrar sólo, e veño pra que me veñan axudar a méte-lo pra dentro.
- Farruco    ¡Así me leven os bellos!. Por min que nunca veña.
- Marica      (Botoulle as mas as do home, empezouno a sumerger do banco donde estaba, e Marta botaba por detrás. Farruco brincaba como un corzo, porque por forza o levaban a porta. Antón o Cubano, botou a man a pistola e dixo:)
- Antón      Acomódese, Sr. Farruco, que eu veño pra estar ca sua filla. A usted, non lle quero nada,
- Farruco    Pasa pra dentro, home. Contigo non é nada. Pero a esta condenada eille de romper a alma; colle o vicio da sua nai, que hasta na cama non descansa.
- Antón      Bueno, pois buenas noites, e con permiso de ustedes, vóume sentar un pouquiño. Tome, faga un cigarro, acomódese, e póñanse todos tranquilos.
- Marta      Eu, xa estou como si nada fora.
- Farruco    Porque non tes vergonza.

- Marica Votouse a chorar, dicindo: Antoniño, tes que disimularme. Eu estouche perdida, nunca muy aquelado foi pra estas cousas ¡E bueno!.. Vale máis calar.
- Farruco Mira, home, eche porque xa te querían ir buscar todas a porta, e querían que fora eu tamén. Elas xa contaban que viñas oxe aquí. Barreron a casa, puxeron uns poucos carabés nese cazolo, e téñenche o casamento tratado. Falta saber que tí teñes ganas. Agora, cóntame algo desas terras, despóis vóucheme pra cama, e xa faredes como vos dé a gana. (Todos calan un pouco) E logo, home, que hay por esas terras.
- Antón Moitos traballos, señor.
- Farruco E disgustos, ¿non hay algús?
- Antón Eu tamén levéi os meus.
- Marica E logo, en que traballache.
- Antón Estuven de xastre, ferreiro, carpinteiro, arbañil; outras veces de viaxante, e logo anduven de curandeiro.
- Marta E logo, ¿entenderás ben os males?
- Antón Regular.
- Marta ¡Ay, Dios mío! Se me entenderas co meu.
- Antón Algo, non deixo de facercho,
- Marta Pois téñoche un reportorio na crús dos cadriís, e sempre me dicando cambia o tempo, dous o tres días antes.
- Antón Outras veces tamén fixen de tinor. Recorrín así todos os teatros da capital.
- Farruco Eso será dar aqueles papeles polas calles pra que vayan ver o que se fai dentro.
- Antón Non, señor. E moito máis.

Marta            El logo, que é. Cántanos algo.  
Antón           Pois é cantar unha cousa calquera, que  
                     adivirta honradamente a xente que vai alí  
Marica           Pois quen me dera que cantaras unha  
                     cántega desas, que acaso nos gustara a  
                     todos.  
Antón           Pra eso, preciso a autorización de todos  
                     ustedes.  
Farruco          Téla miña, e canta, canta e nada máis.  
Antón           Con permiso de ustedes.

Cando en Cuba che tiña algún tempo,  
Sempre a un deserto iba a pensar  
¡Qué pouca suerte che fora a miña,  
De catorce anos ter que emigrar!  
Pensaba nos padres e mais nos amigos,  
Que tan novo os tuven que deixar,  
E nas rapazas da miña aldea,  
Algunha, que había, me empezaba a gustar,  
¡Pobre do ser, que xa de rapás,  
A sua vida ten que ir a buscar!  
Deixa os amigos, deixa as delicias  
Que cando volve, non pode encontrar,  
Porque os tempos de gozar a dicha  
Xa se marcharon pra aquel rapás  
Nin cando volve hay os amigos,  
Que tanto sofren pra os olvidar.  
Si has delicias que hay neste mundo,  
Todas xuntiñas mas foran dar

Non deixaría eu a Galicia.  
Sempre que teña con que me arreglar

Queríalle a Cuba como amiña madre,  
E como o padre que me enxendrou;  
Pero Galicia esta terra meiga,  
Mentras que poida, dela non me vou.

- Farruco      Home, benia a nai que te pareo. E ben certo o que dín todos. Todo o mundo había dir algo fora pra non estar como tontos
- Marta        Pra saber andar ou ler
- Marica        Alá, pra o día da festa, virás comer un goto de caldo con nosoutros.
- Antón        Non, señora, moitas gracias, pero pouco me gusta.
- Marica        Pois, entonces que veña meu compadre
- Farruco        Pero si a ti che gusta que veña o compadre, tamén a mín me gusta que veña a comadre.
- Marta        Pois, logo, vide todos.
- Antón        Bueno, que pasen boas noites. O recado xa será dado.
- Marta        (Levantouse, e foi correndo con un tallo na mau).
- Marica        (Levantouse, tamén, colle o candil e pono o fronte para tela de ollo e a vista).
- Marta        (Puso o tallo pra se sentaren).
- Antón        Non me sento que é hora de cenar.
- Marta        Si queres, cenas connigo, pero o mellor non che da gusto. Que así non quedas de volver, nin dis o que levas pensando oxe. Xa sei que non che dou gusto Como estóu

do traballo, non estou guapa, pero si me  
dis cando as de volver, éime de poñer ben  
maja.

## TELON

El decorado de la primera parte debe representar  
una montaña {con dos casas en el valle, o sea la vi-  
vienda de los padres de los enamorados.

## FIN DE LA PRIMERA PARTE

---

Romanza de tenor para dar varietés, mientras la compañía descansa.

T E N O R

Pasando unha ves pola calle  
Sentir tocar, sentir tocar,  
Acordouseme de entrar e entréi  
Nunha silla me sentéi.

Ven o mozo, empezou a limpar.  
¡A ver, Señor! ¿Qué vai a tomar?  
Unha taciña de caldo, que desde onte  
non no volví a probar.

Mozo Non, Señor; que aqui e un cabaret  
Tenor ¿Eso, que é?

Mozo Verá, usted. Verá, usted.

Tenor Foi corendo alí a un burato  
E na man trougo un prato  
Unha copa como un dedal.  
¡Qué me vai dar! ¡Qué me vai dar!

Mozo Unha copa de coñac.

Tenor E sabe ben,

Mozo ¡Ya verá! ¡Ya verá!

Tenor Alí ven unha bailarina  
Que mesmo era condenada,  
A conta miña e mais de ela  
Houbo risa ali calada  
¡Decíame cada cousa  
Que me deixaba atontado!  
Viña con outra pior

Que me volvía encarnado  
É pra que vexan si he certo  
Eilles de contar o caso;  
Se me teñen por mintireiro  
Non lles é grande o engaño.  
Bailarina Ese señor que está al frente,  
Sentado en aquella silla,  
Un programa para hoy  
Que a todos sirve de risa,  
Un fanchó como él no hai dos,  
Y de berzas, si, empapado.  
Aquí vino al cabaret  
A que le sirvieran caldo,  
Tenor Pro... protesto, desiguída;  
Antes que risa seguira  
Caldo é o primeiro plato  
Que se sirve en Galicia,  
Pro detrás ven ó xamón.  
Que en él che fun criado  
Co a pataca e o chorizo  
E co seu ropolo blanco.  
As filloas, non as deixo,  
E o meu plato favorito.  
Empanadas, cousa boa,  
O asado e moi rico.  
Galicia ten o bon viño,  
E tamén a boa naranxa.  
Galicia ten o bon mozo  
Tamén a rapaza guapa,  
¿Qué teredes os demais  
Que en Galicia non haixa?

## SEGUNDA PARTE

---

- Antón      Chega tarde. Espéranos dereitos seus pa-  
dres, Xan e mais Sabela da Fonte.
- Xan        ¿Como ves tan tarde, Antón,? Canto hay  
que esperamos, xa logo che eufría o caldo.
- Antón      Estuven na casa do tío Farruco da Agra,  
e fíoiseme o tempo sin sentir.
- Xan        Ben cho mo parece, son de moito humor.
- Antón      E ten alí unha filla que é moita moza. Pra  
rapaza nova non parece da aldea.
- Sabela     ¡Home! ¡Parece mentira! Non digas siquie-  
ra que fuches polo mundo. Todoios ameri-  
canos veñen listos e bñscan rapazas ricas,  
que os padres eso pouco lles vale, pero a  
tí podeche servir de moito, con algo que  
teñas tí e co que nosoutros che deixemos.
- Antón      Deixen eso, que non lles corresponde a us-  
tedes de falar. Dixéronme seus compadres  
que vayan por-xunto de eles pro día da  
festa.
- Sabela     ¡Ay, xa o creo! Ese conto trae rabo. Que-  
ren facerche o xeito a tí. ¡As de ser vivo!
- Antón      Pois quedéi en volver alí é ei de volver,  
anque non lles guste.
- Sabela     E de muy mala casta.
- Antón      Como todos.

### Conversacións na casa de Marta

- Marica     Nena, tes que ir a escola e de aprender

ben, pra lle dares mais gusto a Antón. Eu vou contigo. Mira: así que chegues das os bós días ó señor maestro. E este pan é pra comer cando teñas ganas.

Marta Ou, madre; pro eu non quero levar pan de mainzo, cómpreme un pouco de trigo e mas dígame como ei de decir.

Marica Pregúntaslle como lle vai. (Petaron a porta e veu o señor maestro. As duas a un tempo:) Buenos días é como lle vai, etc. Pois tráigolle aquí esta rapaza. Si quera seu padre non cala; e anque non aprenda mais que a poñer o seu nome, xa sabe presinarse, e metá da Confesión e algo no Señor Mío. No que non se lle da nada é por aprender os Mandamientos da Lei de Dios, non hai quen llos meta na cabeza. E... bueno, señor, xa dixo o meu Farruco que se porte ben con ela, que usted o tempo non o ha de perder.

Maestro Yo he de hacer lo que pueda, como con todos; pero no sé si le gustarán más los jóvenes que leer. Mira, siéntate donde aquellas niñas y estudia la lección que te enseño y cuando no sepas, pregunta a los demás o vienes aquí, que yo te diré.

Marta (Ve que alí había un rapás guapo e foise sentar xunto de él.)

Maestro Marta, anda para donde las otras niñas; esos bancos son de los niños, y las niñas al otro lado.

Marta Pero usted non diferenciou. Agora está ven aquí.

Antón (Entrou a facerlle unha pequena pregunta o maestro.)

Marta (Levantouse de xunto o rapás e escapou pra xunta as rapazas como veu que Antón estaba co maestro, levantouse e foi preguntarlle unhas palabras, e cando vía que non a atendían co polveiro limpa na mesa do maestro. Como non falaban con ela dixo así:

Marta Antón e non as de vir mañán a fía amiña casa.

Maestro Non. Que non sabe fiar.

Marta Ay. Por haí que non deixe de vir, que lle enséño eu.

Antón (Riese). Iréi unha volta, mais ei de levar a roca. Xa me poñerás unha boa manela. (Pro outro día arreglouse, e foi cos outros; e na casa quedaban rabeando por que iba outra vez a ver a Marta. Entran todos pra xunto das fiadoras que estaban cantando. Logo que se terminou, marcharon, e pro outro día inda quedaba na cama cando su madre Sabela iba pra feira ben incomodada, pro nonlle quixo decir nada. A ló no camiño encontróu sua comadre Marica e quíxolle falar e díxolle desta maneira:)

Marica ¡Ou miña comadre! ¿E Antón, onte chegou cedo?

Sabela Coma estivo na tua casa, xa debes estar enterada, nin preguntar a nadie.

Marica ¡Ay, Dios mío! Que ben educado é, aunque sea, a nosa Marta, moito lle gusta.

Sabela Pois de nora non a quero, así que: mire pra él.

Marica ¡E tés razón! Pra ter unha mala sogra, válelle mais éstar solteira.

Sabela Manda a escola, que agora debe deaprender ben. Sei que é a ver se lla quere o meu Antón; pero na miña casa non ha de fungar.

Marica Non, señora que apreta ben, nunca nada lle sentimos. O que lle ha de sobrar con que casar, sin ser co seu Antón. Meto nun pucheiro ou poño en conserva. ¡Chamanlle a Pega! Benia a ialma que llo puxo.

Antón Pro o outro día quixo estar con ela, pero non lle puido ver o pelo.

Marica (Pra lle sacar a ilusión, díxolle:) Agora habémosche de cortar o pelo e traerche uns zapatos baixos, que non quero que trayas zocas; habémosche de facer unha chambrá de moda, e despóis habémosche de buscar un rapás.

Marta Pero a chambrá quero que me deixe ver metá das tetas alomenos. Eu rapás, non quero mais que a Antón. Moitas traen unha cadeia o pescozo, e outras un rosario, pero eu anque seia o do padre rezar, poño.

Antón (Vía que como era unha morena mui ben feita, e que si era morena era por andar sempre co gado de pastora o sol e a auga, apastando a suas ovellas polo medio das uces e carpaciñas no Monte do Gato,

cerca da Costa do Sal; caviloso e pensativo foi de caza a ver si a vía; encontróuse ca sua madre, que aquel día, por suerte, andaba co gado. Asvitáronse un e outro, e díxolle:

Marica Ves ahí, lampantín. (Brinca tras de él a pedradas e a borros, que lle valesen os veciños, que lle roubaban o gado.

Antón (Escapando, cheo de vergonza, e cavilando por non podela ver alí como a primeira ves que a tratara, dixo: Sin ela non vivo. Eu non sei que facer de min. Von a botar as cartas a ver que me din.—(Así o fixo. Chegou. Encontróuse cunha vella roxa, dos seus sesenta anos, que pola sua edá lle gardou todos los respetos.)— Buenos días, señora.

A Carteira Buenos días, caballero, ¿Qué deseaba?

Antón Señora, dixéronme que botaba as cartas, e que atinaba muy ben; deseaba correra un pouco a baraxa, pagándolle o que fora.

A Carteira Bueno, bon mozo. (E quedóuse cavilando e dixo pra sí: Tí es un americano dos que tedes pouca perda cos cartos. ¡Quen me dera saber donde che píoa, que chos había de levar con bon xeito, entonces)— E parece que ben moi triste, señor. ¡Fál-talle algunha cousa!

Antón Non, señora. Fun onte as rapazas e dormin mui pouco.

A Carteira Logo, queríalle ben, cando o despacharon tan tarde.

Antón Non, señora. Non me deixaron estar os

padres con ela; e como o home ten corazón de lobo, si me di que con ela me vai ben, ou me mato ou non a deixo.

A Carteira. (Votou o nome del Padre, e murmurando ela sola, como que estaba falando cos do outro mundo, dixo:) Corte ca man dreita. Ten que pasar un rigeiriño antes da casa da rapaza. E tenlle a cama o fronte dunha ventana; toda a noite lle está desperta, a ver si o sinte cantar. Si pasara por debaixo da ventana cantando, habíase de asomar. Non teña pena, nunca con outro casa. A de ser para usted, e mais halle de ir ben con ela.

Antón. (Pagóulle e marchou correndo. A noite, como que viña doutro lado das mozas, cantóulle estas poesías.

Marta, do meu corazón  
Cavilo de noite, cavilo de día,  
E non descanso Marta da ialma,  
Nin teño mais gozo hasta que seas miña

Róubasmo corazón;  
Roubácheme a alegría;  
Trastórnasme os sentidos;  
Acábasme ca vida.

Si queres ver festas  
de moita alegría,  
escápalle a teus padres,  
e vamos a Sevilla.

Despois eite levar a Madrí,  
donde están todo grande de España:  
Cóndes, Marqueses e Militares,  
Duques, Ministros, e Reises que mandan

Despois iremos ver Barcelona;  
Alí verás as industrias millores,  
Verás unha capital en progreso,  
Que sabe dar vida os seus traballadores.

Despois iremos a ver Bilbao,  
esa terra mais privilexiada,  
sobre de ela xa non hay industrias;  
é a región mais rica de España.

Despois volvemos vivir a Galicia,  
que eu de Galicia estou encantado,  
de labradores nun casetiño  
con unhas vaquiñas traballando no  
(campo.

Marica

(Sinteu desde cama e cantoulle a Mar-  
ta estes cobres pra que Antón os sen-  
tise.)

Marta, ti non fagas caso  
ó que Antón che está dicindo  
non te levantes da cama,  
non penses que estou durmindo.

Antón ten o tempo andado,  
ti es unha rapaza nova,  
o mesmo era eu e teu pai  
e pesoume ben agora.

Pra de día val mui pouco,  
pra de noite moito menos;  
así levamos na cama  
unha vida como nenos.

Moita suerte é a das mozas  
que casan con rapazós,  
que levan carniña nova  
e saben mais que pichós.

Si eu de aquela me casara  
con un rapás do meu tempo,  
nin me deseaba solteira  
nin estaría padecendo.

Nin envidiaba o home de outras  
nin estaba sempre alerta;  
veña espera e máis espera  
sempre a conta e a mesma.

- Farruco      A nosa casa oxe parece un teatro, Se-  
nón debedes de estar tolas.
- Marica      E porque está ese bribón a porta, que  
me están dando ganas de levantarme  
a apedreálo.
- Farruco      Indavos é mellor irbos os tres polo  
mundo, como sabedes tantas hestorias  
onde arrimedes sacades os cartos a can-  
tar.
- Marta      (Levantóuse en camisa a lus do luar  
pola ventana, e miráronse de corazón.)
- Antón      (Con un vos muy baixiña, díxolle):—  
Muller ingrata, non mires a teus pa-  
dres; o cariño que se lles ten cambian

por un home que te queira e que seípa  
apreciarte.

Quéroche coma miña alma;  
Si contigo me casara  
Levaréite hasta roubada,  
Por eses mundos de Dios  
Pra que teus padres non seípan nada.

Faréi de min un escravo  
pra terte a tí descansada.  
Marta, non mires a nada,  
mentras que teus padres dormen  
salta por esa ventana.

Marta

Xa sabes que eu son feia  
e tes que darne xuramento  
de terme no pensamento  
e non mirares pra outra  
anque esteias descontento

O domingo deixarme ir a misa  
e as noites rezar o rosario  
porque en Galicia é muy raro  
o labrador que non reza.

Sujetareime na casa  
as noites facendo a cena  
por alí a mais faena,  
mentras tí vas a taberna  
con outros votar un vaso.

Levas muller muy prudente,  
anque feia sabrei amar.  
Tampouco che ha de faltar

a tua camisa lavada  
limpa e gobernada  
debaixo do cabezal  
pra o domingo mudar.

E si por traballos da vida  
algún día estás enfadado  
poñereime o teu lado  
buscándoches o bon humor,  
ou por si estás enfermo, o dolor  
aliviándoches os traballos.

Antón

Serèi dichoso na vida  
Si unha muller me tocara  
que arreglara a súa vida  
sin ocuparse de nadie;  
nin cos fillos si os tempos  
modas lles proporcionara.

Si é mundana, son perdido,  
si é lambona, non son ganado;  
si saca o creto, é moi malo,  
porque revolve ós veciños  
e a todos nos trai trastornados.

Non importa que seias feia  
a eso non mira o casado  
sólo lle convén arreglar a vida  
sin que en ela vexa un destrago.

Baixa, Marta, anque seia en faixiñas,  
baixa que te estóu esperando;  
levaréite ver España  
coma bon americano.

Despóis volveremos o terruño  
campiño donde nos criamos  
pra coidar os nosos padres  
costumbres dos Santos pasados

Aquí viviremos xuntos  
nestes campos de montañas  
hasta que Dios nos separe  
seremos dous camaradas.  
Traballando as nosas terras  
e pastando as nosas vacas.

## FIN DE LA SEGUNDA PARTE

(El decorado, un paisaje con una casa, donde se les  
vea marchar por una fraga, para llegar al ferrocarril)

---

## Cantar a coro o una bailarina sola.

Galleguiña, galleguiña,  
galleguiña ha de ser,  
galleguiña a rapaza  
que con ela me ei facer;  
así que case con ela  
moito lle ei de querer.

E costumbre de decirnos os gallegos  
cando algo lles vimos a cantar  
que empezamos todas las filigranas  
tatarí tatarí tatarí tatará.

Nos traemos un programa  
que a todos lles ha de gustar,  
muy bonito e ben feito  
sin a nadie molestar.  
Porque somos de Galicia  
que os vimos a saludar.

O gaiteiro de tres paus na gaita  
pódelle soar ben o punteiro,  
o facer a gaita tiroliro  
e porque ten boa forza no ronqueiro.  
Galleguiña, galleguiña.

---

## Las Bellezas de Galicia

Din de Galicia calquera cousa,  
Galicia nada ten que envidiar,  
ten boas fontes de augas dulces,  
ten a suas playas pra se ir bañar.

Esas montañas tan elevadas  
para os aires ir a tomar.  
e cos seus valles tan arbolados  
para as sombras ir descansar.

Ese xamón que é o mellor plato  
que en toda España che poden dar;  
da carne fresca, xa non falemos,  
non hay mellor gusto pro paladar.

Ese bon viño que hay no Riveiro  
que non se cansa un de o beber;  
de pan de trigo que fan en Galicia  
poste que estalas posto a comer.

Grelos de Lugo ben amañados,  
non hay quen por eles non chupe os  
(dedos;  
para sardiñas a Pontevedra,  
frescas e boas, ¡qué máis queremos!

Desde a Coruña hasta Betanzos,  
e dando a volta cara a Ferrol,  
todo é legumbres, árboles frutales,  
¡qué olor máis rico da tanta flor!

Ves eses montes cheos de pinos,  
todo los Pazos están de sembrados;  
qué pradeiras, qué fragas boas,  
e pol-os valles todo é castañas.

Pra ir as festas hay a costumbre  
us polos outros irá a chamar,  
a ama da casa ca merendiña  
todos os outros veña cantar.

Legumbres gallegas son as millores  
que en toda España as de buscar,  
¡Ay que repolos!, ¡qué boas cebolas!  
¡qué frutas dulces pro paladar!

Raza gallega, gran pensadora,  
fala muy pouco, todo acertado,  
como as pensa antes de decilas  
por eso nunca ten un engaño.  
Raza gallega, brazo de traballo.

## TERCEIRA PARTE

Collen o tren a Sevilla.

Marta, levaba uns zocos altos, que eran os que tiña pra ir as festas, un xustillo de tarazona, unha saya de franela encarnada, unha chaquetilla que non chegaba mais que a cintura, unha pañueleta na cabeza muy floreada. No tren tódola miraban; iba chorosa por deixar a sua casa, cavilaba en sua madre; xa lle corría pouca salú e pensaba que o encontrarse sin a sua filla que morría de contado. Tamén pensaba no irse con un home así polo mundo como unha perdida soiteira, e sin trazas de se casar. Outras veces tiña alegría por ir con un home que era o que viña buscando había unha temporada.

Antón, cheo de gozo por salirse da casa, e conseguir levar a rapaza que tanto o fixera cavilar, porque así vingaba as rabias que os padres dos dous lles daban.

Marta, iba sin cartos, pero confiada en que Antón os levaba, chegaron a Sevilla, e a primeira cousa que lle fixo foi rapar o pelo; despois comproulle uns zapatos baixos, e no comercio un vestido bó, ven escotada, e sin nada nas mangas, como a saya era corta. pouco pano levara e costoulle pouco, e valía moito menos; tamén lle comprou un bolso pro brazo e unhas doas de vidro pro pescozo.

Marta, quedouse unha moza que lle parecía que non lle quedaba mal ningunha cousa nin lle vía mais

defectos que a falta dos poucos polvos pra cara, porque como viña de andar co gado estaba un pouco morena, pero hastra así se lle facía mais agradable. Sabía que bailaba moito ben, que sempre estaba en prácticas cos compañeiros a andar no monte. Despois que foron comer e buscaron a pousada pra noite, foron pasearse por alí, parecían unha parexa por alí dos arrabales que visten muy ben. Viron que había baile e él sacou dúas entradas e pasaron pra dentro; estaban bailando un chotis deses de moda. Como pagaron tamén querían axudarse dos cartos; ordenaron de ir bailar; que na aqueles él estaba práctico e facío bastante ben.

Marta non daba a primeira volta, pero empezou a a pisar que hasta as pisadas repartía con todos os que pasaban o seu lado. Antón logo lle mazaba os dedos dos pes; ela iba tan abrazada que lle meteu unha tan grande que tuvo que deixála sin poderlle falar. e foi-se sentar. Ela, sin saber que Antón se lle fora, sigueu bailando sola. A xente paraba de bailar ea risa e a música non podía tocar. O ver que quedaba sóla douse coñta de que lle faltaba Antón, e empezou a buscalo, berrando por alí.

Antón, cheo de vergonza, foi por eso pra xunto de ela.

Marta, díxolle:—¡Ay, Dios mío! Pensei que me escaparas.—Rodeáronos e empezaron a perguntarlles.

Antón, negouse a decirlles nada.

Marta, díxolles:—Todos vos riades de min, que eu aquel nc sabía bailar, pro si fora unha muiñeira non vos tiña medo a todos.—Mándalle a música que toque a «Maruxiña», e saliron os dous. — ¡Miña nai querida!—O terminar a muiñeira todos eran a darlles a enhorabuena, o que contestaban muy contentos por

salir ben do bailada. Despois cenaron, e Marta volveuse a disgustar, que se lle acordaban os seus, empezo a churiscar. Antón tamén se lle acordaban seus padres, e así levaron unha noite disgustados; estiveron discurrendo haber que habían de facer. Ocurréuselles de poñer un telegrama dicindo que estaban ben e que iban a empiearse. Era o tempo da invernada.

Marta quería se quentar e mandáronna pasar a co-ciña e metía as mans nos buratos das potas, pero o corpo e os pes tiños coma neve, e díxolle:—¡Ay señora, moito viva o lar gallego! ven a xente chea de frío, pasan por detrás do lume, sentados na parragueira, os potes nas camalleiras, e non así, nese diablo de esa ucha; vótase un toxo do monte que quenta o corpo, e o fume que entra polos buratos dos caneiradas fai quencer toda a casa. As mulleres poden fiar e non teñen frío, e os homes no banco do oullar facendo o lume e contando os contos da súa mocedá e outras cousas da labranza, e non inverno, despois de ben cenado con unha boa taza de papas con leite, ou de caldo gallego, que proba moito o estómago, pra despedir os amigos traen un xarro de viño que nos quenta a barriga a todos, e polo medio méteselle unhos zonchos que son de castañas secas no cainzo, que lle digo, señora, que o que estea enfermo ten que lle vir a salú por forza. —Y allí no habrá enfermos y se vivirá muchos años.

—Hay, sí, señora. Pero allí casi lle morren todos do mal da pulmonía. Mire, xa non podo estar mais aquí. Po las casas e a xente estaba sempre; pero acórdase miña madre ¿Qué rabia por min non terá? E tamen o padre; según o pobre está de acabado, estos disgustos acábano de matar. Eu, desde logo, que escapar así, ben non fixen; pero boa lle ven o que se pode

axudar. ¿Qué me importaba a min morrer muy honrada sin saber nunca que era gozar con un home? A carne, carne quere. ¿Qué importa unha moza, boa moza, si dos seus dazaóito nadie a pode gozar? Cando sea vella non ten mitá do gusto pra esas cousas e daquela ten que darllo a un vello, que ningún mozo novo, deses guapos, llo piden. Eses mozos que é o cariño mais grande de unha muller. Esa bonitura que a todas nos rouba o sentido; onde despois salen cousas que os padres lles dan disgustos, sin consideraren que eles tamén viñeron o mundo por gozaren outros. E mire, señora:

Mentras se poida, ruala;  
e cando un é mozo, gozar;  
que despois a carne vella  
nadie a quere aproveitar.

Tódalas cousas se fan con gusto  
cando a sangre ten boa forza;  
pro cando os nervios non poden,  
pouca cousa nos abonda.

Arreglan os lotes e collen o correo de Galicia. A ela nada a conecía con aquela roupa nova, de boa moza que viña. Primeiro foron pra casa de Marta. Antón fixoa entrar diante; él, quedouse a porta; Súa madre estaba chorando. Marta, así que a veu, antes de decirlle nada, tamén se votou a chorar. Veu Farruco e abrázase na filla, e tamén pasou pra dentro Antón, e tamén o abrazaron. Foron buscar a Xan e mais a Sabela, da Fonte, que o dailles o recado houberon quedar desmayados, que tamén chorando foron velos braneantes.

Dixo Farruco:—¡Bueno, compadre, os cabuxos das mulleres importan pouco, e as riñas moito menos! A min fanme falta na casa, que eu agora non podo, e como labradores honrados témolos que facer casar sin dar mais que decir o mundo. Ela a roupa xa lle vale que mellor na ha de romper nadié onde se sinta a rosa campana. Os homes a buscar o viño das muni-zós e mais pra festexar a chegada. As mulleres toda a facer unha boa cena. Empecemos a alegría e que se acabe a rabia. Bó é o disgusto que trai gusto, ou a lo menos que logo pasa.

*Por Guillermo Vázquez.*

FIN.

MUIÑEIRA

---

LUMEIRADAS DO SAN JUAN

---

Non hay noite de mais alegría  
que a noite do Señor San Juan,  
porque están toda a noite as rapazas  
cada unha co seu galán.

No campo mais grande  
que tñia a aldea,  
faise a lumeirada,  
empréndese a festa.  
Veñen os mozos  
correndo a ruada,  
a ver quen mellor  
salta a lumeirada.  
Con flautas e conchas  
e a pandeireta.  
porque o gaiteiro  
pra todos non chega.

Toda Galicia celebra esa festa,  
tódalas casas están engalanadas  
con milicroques e outras froles,  
ramos de pudias e espadanas.

Esa é a noite  
de mais filigranas  
cerran as portas  
e vanse das casas  
Veñan muiñeiras  
e veña alegría,  
sin dormir nada  
hastra o outor día.  
Pola mañán,  
antes do sol rayar,  
todos o orballo  
se che van lavar.

Xuntan a auga das Sete Fontes,  
pro desayuno, como reliquias,  
pra que non entre o mal de ollo,  
según costumbres que hay Galicia.

Mañán de San Juan,  
tenche a sona,  
que é das do ano  
a máis criadora.  
Din os labradores  
cando algo fan:  
«Médralle, como  
a mañán de San Juan».  
Glorioso santo  
non debes queixarte,  
basta Galicia  
pra festexarte.

Colle ti, Pepa, a pandeireta,  
pon tí, Domingo, a flauta o bico,  
arrea, Marta, tí a esas conchas,  
e Marcelino, que toque o pito.

Todas nosoutras  
en risas y en farra,  
para que sea boa  
a nosa lumeirada.  
Cantade todas,  
eu ei de trutar  
pra que a mocería  
se empece a xuntar.  
Dirán os mozos,  
o ver tanta farra,  
que a nosa foi  
a millor lumeirada.



## DISCURSO GALLEGO

POR

GUILLERMO VÁZQUEZ

---

Señores: Son gallego.  
Si é vergonza contalo  
peor será selo.  
Nacín co rabelo do arado na man:  
xa fun pastor das ovellas,  
e nunca paséi sin pan.  
E voteime polo mundo  
como a xente espavilada,  
falando unha palabra gallega e outra castellana.  
Hay quen lle da vergonza  
en sitios donde se presenta de falar o gallego.  
según seus padres lle enseñan.  
Hay quen vay o extranxeiro,  
e ven facendo o espavilado;  
e nin ben fala o gallego  
nin tampouco o castellano.  
Outros xa salen da casa  
falando no castellano,  
e din cada tontería,  
que sentiríllela é un pasmo.  
¿Por qué ei de ter vergonza  
nin falar chapurreado  
ese gallego tan melodioso  
que meus padres me enseñaron?  
E desprestigiar a fala  
e as costumbres en que fun criado;  
gallego de puras cepas  
non teño porque negalo.  
Ei falar sempre o gallego  
e saber o castellaño;

si me chaman atrasado  
réspondelles de contado:  
Falácheme en castellano  
e pilleiche todas túas;  
contéstochas en gallego  
e non comprendes ningunha.

## COPLAS GALLEGAS

Tres festas hay en Betanzos.  
como elas nadie as ten:  
o San Roque e os Caneiros,  
e os Alborotados tamén.

Duas cousas ten a Cruña  
que en Galicia non hay mellor:  
o Palacio Municipal  
e o Banco de Pastor.

Aquí me tes a espera  
como a un feixe de leña.  
nin me dis que me vaya  
nin tampouco que me estea.

Viva Vexo, viva Aranga,  
terra donde me criei,  
viva a Costa do Sal,  
canto eu te paseei.

Pastora que vas co gando,  
cando te sinto cantar,  
esa túa gargantiña  
non me deixa traballar.

Canta o Cuco, canta a Rula,  
cantan todo los paxaros,  
tamén eu onte cantaba...  
oxe choro os meus traballos.

Aquel día na Pousiña,  
cando ali estabas lavando  
que che falei varias cousas  
e funme sin resultado.

Damo resultado Pépa,  
que cho estou esperando  
non me vou sin que mo deas  
quero saber o recado.

Non podo dar resultado  
sin saber a túa idea,  
si ves por casar conmigo  
ou enganar esta morena.

Pra cantar: ¡viva Aragón!  
Pra jotar: ¡viva Sevilla!  
Pra guajiras, Asturias.  
Pra muiñeiras a Galicia.

Unha ves sentinlle a Fleta  
o cantar da Flematera,  
nunca vos sentín garganta  
que a cantar mais gusto dera.

## CONTO

POR GUILLERMO VÁZQUEZ

*Un gallego e mais unha gallega, que unha Compañía os iña pra facer o payaso. a ela entusias móse lle ir a votar un sermón pra que lle dixeran que era lista e home leváballe a contra.*

- Manuela. Señoras y señores. Señoritas y señoritos. Veño a decirlles o que é a vida dos labradores, que eu eso sei ben. Queremos decirlles algo; mandáronme a a min porque son a de menos vergonza, e non quero decir máis que verdades; nunca me gustou mentir.
- Pedro. Respetable público: Acordóuselle de vir decir catro tonterías. Nadia a mandou vir, e veño eu, pra pra desmentila; pero si fala tan ven non se lle pode decir nada. E certo: vergonza non ten ningunha.
- Manuela. Cando sabía que unha cousa era mentira, levaba lonxe.
- Pedro. Porque cerca xa non pintabas.
- Manuela. As rapazas de aquela eran gordas, encarnadas je que mozas!
- Pedro. Miren pra ela. Pois o mesmo eran as outras. Inda parece que esta lles pasa un pouco; pregunténlle e verán como se chufa. Tanta pompa na praza e canta fame na casa.
- Manuela. Oxe a roupa das mulleres parecen as túncinas de ir o baño. Daquela ningunha muller salía a ningún sitio menos de sete sayas e unha boa camisa de estopa, que oxe as que traen parecen as fundas dos cabezales da cama.
- Pedro. Non lle fagan caso. Daquela inda traían menos roupa que oxe, que non tiñan con qué comprála. O

que traían daquela, eran unhas sayas de romendo sobre romendo, pero grandes e pequenos, según os encontraban. E certo que algunha poida que no panno dunha saya sóla trouguese trapos pra facer sete, como eran tan largas e anchas levabánlles moita metralla.

Manuela. Agora os cantares non valen nada. Todo é unha trailalada. Daquela, viñera o cantar da Lá lá lá, que eu e máis Antón da Rufa, que en Gloria estea, moito nos temos adevirtido con él contra noite, cando íbamos a herba, e despois na fonte xuntábamosen alí todo los da aldea. ¡Era moita a diversión a nosa na aqueles tempos!

Pedro. Eu non sei como non che da vergonza decir esas cousas. O cantar do La la lá, ustedes nunca o oiron pois inda lles é máis escandaloso que o Morrongo, diferenciase da múseca, pero as palabras parece que foron feitas polo mesmo. Veña lavar sin xabón, veña conversación sin son. Que parranda, e que boa era pra estar nunha plaza. Onde está, parece unha feira. ¡Chufadoral ¡Mentireiral ¡Ay, Jesús, qué condenada! Toda a vida sirveu de farra; inda agora, que está vella, parece unha martabela. Algún de nós xa decía que había de vir con mentira.

Manuela. Non pensen ustedes que él tampouco é verdadeiro. Borrachón como o primeiro, así medio cazoleiro. E home de moitos contratos e nunca cumpreu o primeiro. A onde quere ir pintala, eu alí estou presentada. Xa sei que non lle dou gusto; pero eu gozo en darlle rabia, porque él é un sinvergüenza e un valiente canalla. Non se fien do que dí, que non é home de palabra.

Pedro. Pois a ela pásalle o mesmo; e así medio abambada Foi á feira estoutor día por unha vaca e trouxo unha cabra. Chegou a casa correndo e vota a man a canada, tira e tira polo teto, e maldita gota daba. Era un castrón de eses bos que inda non fora castrado; a ela engañouna a hubre como o veu tan rumbado.

FIN

## CANTARES DO MUIÑEIRO

---

POR GUILLERMO VÁZQUEZ

O muiñeiro ten a sona  
mais tamén leva o proveito  
de que maquia con forza  
e pras mozas ten bon xeito.

---

Unha noite non é nada,  
cada semana o muiño,  
o que alí está toda a vida  
debe saber ben o oficio.

---

O Muiñeiro que é solteiro  
sempre a roda lle está dando,  
corren as nenas que é un gusto  
cada unha co seu saco.

---

O muiñeiro que é solteiro  
xunta moitos cocedoiros  
cada nena vay co seu,  
él maquiallelos todos.

---

Todas las mozas que van o muiño  
con un pachuzo de pallas aceso  
veñan cántegas, risas e atruxos  
eu ben sei o que buscan con eso  
buscarán quen leve outro pachuzo  
e que vaya tornárllelo medo.

## UN RECUERDO A LOS MUERTOS

---

POR GUILLERMO VAZQUEZ

Monte do Gato, imitas  
o alto do Pico Sacro,  
donde un día, contra a tarde,  
eu alí estuven pensando.  
Saco o libro e máis a pruma,  
e de riba dunha pena,  
sin sentir mais voces vivas  
que dunhas cuantas labercas;  
o sol xa dixera adiós,  
a noite estaba chegando;  
como vía tanto mundo  
sólo me quedéi pensando.  
Vexo catro cimiterios,  
—eran os que me rodeaban—  
Rodeiro, Bandoxa e Ois  
e o de Fervenzas de Aranga.  
Corpiños que gasta a terra,  
caviléi en estas palabras;  
Valentes e homes humildes,  
mozos e rapazas guapas,  
vos, que fostes como eu,  
labradores e outras crases,  
valentes e decididos  
¿por qué agora non falades?

Ahí roposan esos cerebros,  
forzas e vanidás mundanas,  
amigos de facer mal  
e outras cousas de rapazadas.  
Caviléi cando será o día  
que a min me ha de tocar  
de xuntárese os amigos  
pra levarme a enterrar,  
¡Adiós mundo para sempre!  
¡Adiós vanidás mundanas!  
Dentro de moi poucos días  
do que morre xa non hay falas.  
Corpos que fostes queridos,  
tan robustos e tan guapos:  
¡Cántas horas pasástes alegres,  
e outras con ben traballos!  
Ahora todo en silencio  
e os vossos corpos inhumanados:  
¿Qué sacastes deste mundo?  
bos pregunto desde o alto...  
¡Todo quedou en silencio,  
e eu quedéi cavilando:  
esas horas de alegría  
¿por qué as levastes gozando?  
¿Qué importa traballar moito  
sino no ceo non pensache?  
Facerías moitos cartos  
e o fin tódolos deixache.  
¡Cántos pobres con boas faltas  
tiñas cerca da tua casa!  
¡E tantas sobras na tua  
e mais non lle dabas nada!  
O teu lado enterrouse un pobre,

oxe non che pide nada,  
por qué e tanto como tí,  
o que tes non lle fai falta.  
Acabáronselle os dolores;  
acabáronselle os traballos;  
no querías de compañeiro,  
oxe télo o teu lado.  
Mirar sempre po los pobres  
é un deber humanitario.  
O que queira ir o ceo,  
ten que procurar ganalo.  
Non levo o que teño os conventos  
nin tampouco os santuarios,  
se non teño xente miña  
deixo os necesitados.  
Ruareina mentras poida;  
morrerei ben axudado.  
